



PROTOCOLO DE REAPERTURA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE MUROS

POSTCOVID-19

ENTIDADES DESTINATARIAS

- Entidades deportivas debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións que teñan interese e necesidade en reiniciar actividades de adestramento ou competición oficial.
- O uso individual das instalacións será baixo a tutela dunha entidade deportiva.
- Terán preferencia os clubs ou entidades que usan a instalación durante toda a tempada.

REQUISITOS XERAIS PARA AS ENTIDADES E PERSOAS USUARIAS

- Presentación da solicitude segundo o modelo oficial no Rexistro municipal e autorización por parte do departamento de Deportes do Concello de Muros.
- As entidades deportivas designarán unha persoa que será a responsable da coordinación das medidas de prevención e control do COVID-19 que se establecen nos protocolos e normativas correspondentes. E que se encargará de realizar o rexistro do control da temperatura dos/as participantes.
- Permitirase a práctica deportiva individual ou colectiva, seguindo os protocolos establecidos polas federacións correspondentes e aprobados pola Secretaría Xeral do Deporte da Xunta de Galicia.
- Nas instalacións deportivas poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata 25 persoas e sempre que non se superen os dous terzos da capacidade máxima permitida.
- As persoas usuarias irán provistas de máscaras (obligatorio) e poderán retirar a máscara exclusivamente para a realización da actividade.
- É recomendable acudir vestidos coa roupa deportiva que utilizarán durante o adestramento. O calzado deportivo específico a utilizar na zona de xogo (patíns, tenis...) deberá ter ese uso exclusivo (non permitíndose o calzado utilizado na rúa).

- Utilizarase a máscara durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns das instalacións.
- Deberase limpar as mans coas solucións hidroalcolicas antes de entrar e ao saír do recinto.
- Os/as adestradores/as e acompañantes autorizados estarán suxeitos ás mesmas obrigacións ca os/as deportistas.
- Deberase facer un control estrito do acceso ás instalacións, restrinxido ás persoas debidamente autorizadas, para poder controlar o aforamento que se determine.
- As bolsas, mochilas e efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- Non se poderá compartir alimentos nin bebidas.
- En canto á asistencia de público aos adestramentos, competicións e eventos deportivos deberase respectar a normativa vixente e os protocolos establecidos por cada federación e aprobados pola Secretaría Xeral do Deporte da Xunta de Galicia.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN

XERAIS

- Manterase sempre a distancia mínima interpersonal con todas as persoas usuarias, de 1,5 m por 1,5 m.
- A forma máis importante de previr a enfermidade é o lavado de mans con auga e xabón a fondo e con frecuencia.
- É obrigatorio o uso de máscara na instalación deportiva.
- Practicarase a hixiene respiratoria (esbirrar ou tusir contra o brazo co cúbado flexionado, uso de panos de papel e a súa eliminación tirándoo a bolsa ou cubo de lixo).
- Evitarase o saúdo con contacto físico (non bicar, non abrazar, non dar a man...)
- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Tomarase e rexistrarase a temperatura á entrada da actividade.

MATERIAL DISPOÑIBLE NAS INSTALACIÓNS

- Xel hidroalcolico
- Xabón de mans
- Papel desbotable

ACTUACIÓN SE HOUBESE SÍNTOMAS

- Se algunha persoa usuaria presenta síntomas como febre, tose e dificultade respiratoria, debe chamar ao 061 ou ao 900 400 116 (segundo proceda) e seguir as instrucións das autoridades sanitarias.
- O COVID-19 é unha enfermidade que se debe declarar obrigatoriamente ás autoridades sanitarias. Se ten algunha dúbida ou sospeita, pode consultar a información facilitada polo servizo de saúde: <https://coronavirus.sergas.es/>

- No caso de detección dun positivo no grupo de adestramento, dentro do persoal, do corpo técnico... deberán comunicalo de forma inmediata ás autoridades sanitarias e informar ao Concello de Muros por se fose necesario a adopción dalgunha medida excepcional.

INSTALACIÓNS E MATERIAL DEPORTIVO

XERAIS

- Limpeza e desinfección profunda das instalacións e equipamentos previa á reapertura mediante persoal especializado e con produtos homologados.
- Apertura de xanelas que faciliten a ventilación dos espazos (cando sexa posible).
- Instalación de información clara e concisa sobre as pautas de limpeza e as normas de comportamento, a través de carteis e sinalización de recursos distribuídos polos espazos da práctica deportiva, entrada, aseos, vestiarios e zonas principais de paso.
- Poñerase en coñecemento das persoas usuarias dos protocolos de reapertura (distanciamento social, limpeza, vixilancia, axuda, consultas...) para garantir a súa seguridade.
- Despois do uso de cada quenda procederase á limpeza das zonas e elementos comúns (pomos, chans, bancos...)
- A circulación dentro do recinto farase empregando máscara (obligatorio).
- Limitarase ao máximo posible o emprego de documentos en papel e a súa circulación.
- Cubrirase unha folla de rexistro segundo solicitude dos/as deportistas que accederon: hora, espazo utilizado e incidencias xurdidas.
- Evitarase tocar portas e resto dos equipamentos da instalación na medida do posible (manteranse as portas aberta con este fin).
- O uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas, unha vez finalizadas, deberán depositarse nas papeleiras.
- Evitarase tocar elementos da instalación que non sexan necesarios.
- Utilizarase panos de un só uso para evitar cuspir ou derramar fluídos ou mucosidades, que terán que ser desbotados na papeleiras.

ESPAZOS DEPORTIVOS

- Aforamento máximo do 75 % da capacidade.
- Os/as deportistas non poden compartir ningún material.
- Calquera equipo ou material utilizado para exercicios tácticos ou adestramentos específicos ou de mantemento mecánico e de material ou equipamento de seguridade, terán que ser desinfectado tras cada uso, e custodiado baixo chave ao acabar cada sesión de adestramento.
- Non se permitirá o acceso a deportistas ou persoas alleas ao club ou entidade.
- Priorizarase o uso de espazos ao aire libre, deseñando fórmulas, cando se poida, de despregamento temporal de ximnacios en exterior.

MATERIAL DEPORTIVO

As entidades que precisen utilizar material deportivo deberán de solicitalo previamente polo seu carácter excepcional ao Concello de Muros e precisarán da autorización correspondente. A utilización realizarase baixo o compromiso e responsabilidade de bo uso e a súa desinfección por parte da entidade.

VESTIARIOS E BAÑOS

- Poderase utilizar os vestiarios, respectando o disposto ao efecto nas medidas xerais de prevención e hixiene fronte ao COVID-19 indicadas polas autoridades sanitarias. As distancias mínimas entre deportistas nos vestiarios será de 3 m.
- Os baños terán unha ocupación máxima dunha persoa, agás que esta precise acompañamento. Non se poderán utilizar para outro fin ca o propio, e polo tempo imprescindible.
- Desbotarán os panos ou calquera material nas papeleiras.

INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Pavillón Xosé Lago	Esteiro
Pavillón municipal de Miraflores	Muros
Campo de fútbol municipal "Xosé Luís Vara"	Esteiro
Campo de fútbol municipal "Eleuterio Balayo"	Muros
Campo de fútbol municipal Agra da Filgueira	Louro
Pista de pádel da Agra de Baño	Serres